



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 2/2017 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 23 DE FEBREIRO DE 2017

#### ASUNTOS

- I.- *PARTE RESOLUTIVA*  
I.1.- ACTA ANTERIOR  
I.2.- MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2017-2019  
I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 3/2017 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 48.860,00 € PARA O PROGRAMA DE EXECUCIÓN TEMPORAL "NIGRÁN RESPONDE 2017-2019"  
I.4.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2017 POR IMPORTE DE 63.144,45 €  
I.5.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR  
I.6.- BOLSA DE VIVENDAS BALEIRAS
- II.- *CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*  
II.1.- *INFORME ANUAL DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS*  
II.2.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA  
II.2.1.- CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO 25/2017,  
II.2.2.- DESAFECTACIÓN VIVENDA N.º 43 ANTIGA EEI CAMOS  
II.3.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBEXectivo DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016  
II.4.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016  
II.5.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016  
II.6.- ROGOS E PREGUNTAS

#### ASISTENTES:

##### *Grupos:*

##### **Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

##### **Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas  
- D. Diego García Moreira  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez  
- D. José Luis Sanromán Román  
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez  
- D. Alberto García Pazos  
- D. Modesto Martínez Sienes  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto  
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo  
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### Outros datos da sesión:

- *Data*: Xoves, 23 de febreiro de 2017
- *Lugar de celebración*: Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión*: ordinaria
- *Convocatoria*: primeira
- *Hora de comezo*: 20:00
- *Hora de remate*: 22:10
- *Número legal de membros da Corporación*: 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución*: 17

### Incidencias:

- Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- Outras incidencias: Non se rexistran.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

### I.- PARTE RESOLUTIVA

#### I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 26 de xaneiro de 2017.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 26 de xaneiro de 2017 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

#### I.2.- MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCiónS 2017-2019

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 15 de febreiro de 2017, informa favorablemente a iniciativa do grupo Nigrán Decide, nos seguintes termos:

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

*No ano 2016 aprobouse o segundo plan estratéxico de subvencións do Concello de Nigrán con vixencia para os anos 2016 a 2019. En dito plan establecíanse 7 liñas estratéxicas, entre as cales a liña 3 era para o fomento da participación veciñal, que subvencionaba actividades festivas e de asociacionismo veciñal, cuestións que na nosa opinión son diferentes polo que consideramos que fomento e consolidación do asociacionismo veciñal e a conservación e consolidación das festas tradicionais que se desenvolven ao longo do ano nas diferentes parroquias*





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*do municipio deben ser dúas liñas estratéxicas diferentes.*

*Para que as asociacións de Nigrán realicen actividade e polo tanto se fomente o asociacionismo é necesario que dispoñan de locais para realizar as súas actividades. Esta necesidade cóbrese de diferentes formas en Nigrán, unhas veces pola realización das súas actividades en locais municipais, cedidos por comunidades de montes ou outras asociacións ou locais propios da asociación.*

*Esta diversidade de situacións das diferentes asociacións de Nigrán con relación aos locais onde realizan as súas actividades crean situacións desiguais entre elas, xa que mentres algunhas teñen que soportar unha serie de gastos de mantemento que poden chegar ao 50% do orzamento da asociación, outras practicamente non teñen gastos de mantemento. É por elo polo que consideramos que a liña de fomento e consolidación do asociacionismo veciñal, nas súas diversas variantes, debería orientarse a subvencionar principalmente os gastos xerais ou de mantemento das asociacións necesarios para a realización do conxunto das súas actividades, e que son dificilmente imputábeis a unha actividade concreta.*

*É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRAN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de **ACORDO**:*

Crear a liña 8 e modificar a liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Nigrán 2016-2019 aprobado por acordo plenario o día 31 de marzo de 2016 quedando redactadas ditas liñas así:

### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 3 – FOMENTO DA ACTIVIDADE ASOCIATIVA.**

#### **DESCRICIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Subvención de actividades de asociacionismo.

#### **DESTINATARIOS**

Asociacións e outras entidades asociativas sen ánimo de lucro rexistradas no rexistro local de asociacións.

#### **MODALIDADES DE CONCESIÓN**

Concurrencia competitiva.

#### **PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Periodo 2016-2019.

#### **OBXECTIVOS**

O obxectivo estratéxico xeral é o de fomentar e consolidar o asociacionismo e participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización e de realización de actividades das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### **IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2017, o importe máximo ascende a metade do orzamentado na partida 2017/924.48000 denominada Subvencións para Asociacións Veciñais, do Orzamento do ano 2016, actualmente prorrogado, ou do 100 % do crédito dispoñible no intre da mesma, no caso de que no Orzamento Municipal figure explicitamente unha partida orzamentaria dedicada a subvencionar exclusivamente actividades de fomento do asociacionismo no municipio de Nigrán.

Nos restantes exercicios resevaranse, na medida do posible, cantidades semellantes que se financiarán con cargo ás partidas orzamentarias que anualmente se recollan no orzamento xeral municipal e, no seu caso, con achegas doutras administracións.

### **LIÑA ESTRATÉXICA Nº 8 – FOMENTO DAS FESTAS POPULARES**

#### **DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DA COLABORACIÓN**

Subvención de actividades festivas tradicionais desenvolvidas, en particular a comisións de festas veciñais.

#### **DESTINATARIOS**

Asociacións, outras entidades asociativas ou colectivos cidadáns sen ánimo de lucro rexistradas no rexistro local de asociacións.

#### **MODALIDADE DE CONCESIÓN**

Concurrencia competitiva ou concesión directa.

#### **PRAZO PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Periodo 2016-2019.

#### **OBXECTIVOS**

O obxectivo estratéxico xeral é apoiar institucionalmente a conservación e consolidación das festas que tradicionalmente se desenvolven ao longo do ano nas diferentes parroquias do municipio.

### **IMPORTE ECONÓMICO**

Para o exercicio 2017, o importe máximo ascende a metade do orzamento na partida 2017/924.48000 denominada Subvencións para Asociacións Veciñais, do Orzamento do ano 2016, actualmente prorrogado, ou do 100 % do crédito dispoñible no intre da mesma, no caso de que no Orzamento Municipal figure explicitamente unha partida orzamentaria dedicada a subvencionar exclusivamente actividades festivas no municipio de Nigrán.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Sr. Alcalde-Presidente:* Dálle a palabra ao Sr. Cuevas como promotor da iniciativa.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Explica a modificación que afecta á liña 3 é á creación da liña 2, que figura detallada na exposición de motivos.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Aínda hai que modificar as bases nun próximo Pleno para adaptalas a esta reforma. Hai acordo nos grupos en que se poderán cubrir máis necesidades e tratarase de simplificar o proceso. Votarán a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Anuncia o seu voto a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Está claro o propósito do reparto en dúas liñas. No relativo á liña 3 defenden que se subvencionen actividades. Están avanzando nos criterios que se van seguir. Absterase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Cre que é unha boa iniciativa. Votarán a favor.

*Sr. Cuevas Raposo:* Confía en que as bases saíran adiante de forma unánime.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 3/2017 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 48.860,00 € PARA O PROGRAMA DE EXECUCIÓN TEMPORAL “NIGRÁN RESPONDE 2017-2019”**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 15 de febreiro de 2017, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

*Con data 02.10.2016 entrou en vigor parcialmente a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en cuxo artigo 12.2 establécese o seguinte:*

**"Artículo 12. Asistencia en el uso de medios electrónicos a los interesados.**

**(...)**

**2. Las Administraciones Públicas asistirán en el uso de medios electrónicos a los interesados no incluidos en los apartados 2 y 3 del artículo 14 que así lo soliciten, especialmente en lo referente a la identificación y firma electrónica, presentación de solicitudes a través del registro electrónico general y obtención de copias auténticas.**

**(...)"**





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Con data 13.01.2017 o Concelleiro de persoal emite un "Informe-proposta" sobre as necesidades de recursos humanos para poder cubrir un servizo esencial e urxente como é a adaptación á Lei 39/2015, supoñendo un cambio normativo importante que precisa medios para levalo a cabo sen prexuízo da atención aos veciños de Nigrán.

Considerando esta Alcaldía a atención aos veciños de Nigrán como unha prioridade para o goberno, a necesidade descrita no "Informe-proposta" do Concelleiro de persoal é urxente e inaprazable.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016, actualmente prorrogado, carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado ao programa "Nigrán responde 2017-2019", é precisa unha modificación orzamentaria que segundo cálculos do Concelleiro de persoal ascende a 48.860,00 euros, creando dúas aplicacións específicas no orzamento xeral para o desenvolvemento do programa citado.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016, actualmente prorrogado, existe crédito dispoñible e non comprometido en tres aplicacións orzamentarias que podería utilizarse para financiar o programa "Nigrán responde 2017-2019".

Visto o establecido no artigo 177 da LRFL, e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016, actualmente prorrogado.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 3/17 mediante créditos extraordinarios por importe de 48.860,16 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016, actualmente prorrogado; o importe citado destinarase ás finalidades seguintes:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
1792013100	Retribucións do persoal laboral temporal a xornada parcial do programa "Nigrán responde 2017-2019"	36.987,36
1792016001	Seguridade Social do persoal laboral temporal a xornada parcial do programa "Nigrán responde 2017-2019"	11.872,80

O expediente administrativo de modificación de crédito 3/17 finánciase integramente mediante unha anulación de crédito e dúas baixas de crédito das seguintes aplicacións do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016, actualmente prorrogado:

Aplicación	Destino	Euros
------------	---------	-------





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

orxamentaria		
1724148100	Becas de fomento do emprego	22.000,00
17431213000	Retribucións persoal laboral comercio	17.008,74
1745013000	Retribucións persoal laboral infraestructuras	9.851,42

**Segundo.-** Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 3/17 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán: [www.nigran.org/](http://www.nigran.org/).

**Terceiro.-** Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 da LRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orxamentaria 3/17 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Concello Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* A intención é poñer levar a cabo un programa de apoio á posta en marcha da administración electrónica. Fará falta máis persoal para evitar saturacións na área de Rexistro. Isto dará oportunidades laborais a catro persoas de fóra.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Deixouse pendente na Comisión de xaneiro para incorporar informes de Secretaría e Intervención. Non se cumpriu o previsto. Os que se achegan non amparan a iniciativa. Non cabe acudir a contratos para obra ou servizo determinado, porque non se dan os requisitos. Se estes non se cumpren, os contratos serán indefinidos. Non se teñen en conta os reparos da Intervención. Votarán en contra.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Entendeuse que non son funcións do persoal laboral. Xa na reunión de xaneiro o informe do xurídico pronúnciase a favor da figura do funcionario interino. Non cabe tampouco orientalo a empadroados en Nigrán. Non teñen claro que isto non leve unha fraude de lei. Votarán en contra.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Non está clara a legalidade da proposta e a posibilidade de recorrer a persoal laboral. A oficina está dotada de 3 persoas e non se xustifica que teña que reforzarse desta maneira, cando ademais se require unha cualificación especial. Os informes que se pediron incluían a Secretaría Xeral, e o que se achega é un informe xurídico, non favorable á iniciativa. Debería ser a RPT a que avalíe as necesidades e as prioridades. Tamén hai reparos da Intervención. A boa vontade do goberno non é suficiente. Non vai apoiar a proposta. Votará en contra.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Non é alleo á preocupación pola administración electrónica. Pero aquí non se está falando diso, senón simplemente de contratar a catro persoas, que non serían funcionarios interinos e polo tanto non serían





idóneos para o fin. Apoiará outras iniciativas que favorezan a administración electrónica, pero non isto.

*Sr. García Moreira:* O tema é complexo. Pode que sexa mellor a figura do funcionario interino. Seguirán buscando vías.

*Sr. García Pazos:* Parece que vai haber unha vía pra poder reforzar o persoal funcionario.

*Sr. Cuevas Raposo:* Non se opoñen a novos postos, senón á forma.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non ten claro que os representantes do persoal estean de acordo. O Rexistro cambiará as súas funcións e debería ampliar o horario e readaptarse.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Pensa que os plans de emprego non son para necesidades administrativas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sorpréndelle que se rexeite unha iniciativa que favorece aos veciños. Será que o goberno está equivocado. Pensan que non o está. Votarán a favor.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 10; PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta.

#### **I.4.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2017 POR IMPORTE DE 63.144,45 €**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 15 de febreiro de 2017, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

*Vistas 83 facturas por importe de 58.316,61 euros, unha subvención por importe de 300,00 euros, e varios gastos por asistencia a tribunais, desprazamentos e dietas de persoal por importe de 4.527,84 euros; facturas, subvencións, asistencia a tribunais, desprazamentos e dietas (por importe total de 63.144,45 euros) non contabilizados nen pagados e correspondentes a obrigas líquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, que corresponden a improcedentes contratacións verbais de obras, servizos ou subministros documentalmente acreditados, así como a unha subvención e a diversos gastos por asistencia a tribunais, desprazamentos e dietas de persoal; gastos todos eles referidos a exercicios anteriores a 2017.*

*Visto o estado de execución do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2017, e tendo en conta a existencia de crédito adecuado e dispoñible por importe de 63.144,45 euros euros en diversas aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral citado.*







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Sendo criterio desta Alcaldía intentar cumprir o establecido legalmente para a realización do gasto público e, en consecuencia, suprimir ou reducir a supostos concretos, excepcionais, puntuais e de escasa contía os gastos que se poidan realizar incumprindo a normativa citada (especialmente a referida á necesidade da existencia, documentalmente acreditada, de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente antes da realización de calquera gasto público municipal; ao cumprimento dos trámites da contratación administrativa; á fiscalización preceptiva previa, e a referida ao "Bon goberno" según o disposto nos artigos 25 ao 32 ambos inclusive da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, BOE número 295, de 10.12.2013).*

*Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas.*

*Coa finalidade de non afectar negativamente aos prazos medios de pagos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.*

*Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno:*

**PRIMEIRO:** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 15.02.17, referencia T 25/17 .

**SEGUNDO:** Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 83 facturas por importe de 58.316,61 euros, nunha subvención por importe de 300,00 euros, e en varios gastos por asistencias a tribunais, desprazamentos e dietas de persoal por importe de 4.527,84 euros indicados nas relacións unidas a esta proposta; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados por importe total de 63.144,45 euros con cargo aos créditos orzamentarios dispoñibles nas correspondentes aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2017.

### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Son basicamente do ano pasado, salvo algunha máis atrasada. Entenden que se deben pagar para saldar a débeda cos provedores.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Absteranse para evitar prexuízos aos que non teñen culpa. Algo chama a atención: unha obra por administración en Damas Apostólicas, que requiría unha xustificación especial. Houbo varios contratos menores co mesmo licitador.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Non sendo a forma axeitada, son conscientes das dificultades que ás veces se presentan. Hai facturas nas que non consta o destino concreto. Tamén recorda que a limpeza da rede de sumidoiros é de AQUALIA. Ademais sorprendeulle un curso de operador de radar cando non temos o aparato. E outro de páxinas web e blogs. O que se debe é facer un plan de formación e evitar isto. Absteranse.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Absterase para que se lle pague á xente





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

que prestou o servizo. Sabe que ás veces hai gastos que se deben abordar en circunstancias especiais. Esta práctica debe ir cambiando para reducilas ao mínimo. Chaman a atención os gastos da SGAE, indicando que haberá que mellorar os contratos para que non repercutan estes custes no Concello. Nos cursos hai que extremar o control para que se fagan en beneficio do propio Concello.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Na base están infraccións do procedemento que debe seguirse para aprobar os gastos. Este recoñecemento xa é de gastos deste goberno, non dos anteriores. Espera que isto non sexa unha tendencia, porque do contrario ao mellor terían que rexeitalo. Absterase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Confía en que non sexa unha tendencia. Agradece á oposición a súa postura.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 10; PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### I.5.- ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR

*Expte. nº: 2016/064S*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 16 de febreiro de 2017, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

Vista a comunicación da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como as previsións da Lei Orgánica do Poder Xudicial, sobre a elección de Xuíz de Paz titular.

Tendo en conta que se deu publicidade á convocatoria no Boletín oficial da provincia de 30 de decembro de 2016, no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, e que tamén se remitiron comunicacións a tal efecto ao Xulgado de Paz e ao Xulgado Decano de Vigo.

Vista a relación de candidatos por orde de solicitude, integrada por:

- D.<sup>a</sup> Sila Iglesias Díaz
- D. José Luis Collazo González
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Cruz Lamas Ambroa
- D.<sup>a</sup> Estela Domínguez Cereijo
- D.<sup>a</sup> Silvia Mesías Martínez

Propónse ao Pleno que se proceda, por maioría absoluta, á elección do Xuíz de Paz titular.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente.* Pide o parecer da Secretaría sobre a posibilidade dunha segunda votación, no caso de que ningún candidato acade a maioría absoluta na primeira.

*Sr. Secretario Xeral:* Entende, á falta dunha previsión legal que habilite tal proceder, que rematada a primeira votación debe estarse ao resultado obtido nela.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Entende que por prudencia se prescinda desa posibilidade, explicando que o propósito era conseguir que o Concello fixese finalmente unha proposta de nomeamento, cousa que non ocorrerá se na primeira votación non se acada maioría absoluta.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Coincide en que a segunda votación non debería ser procedente, lembrando que, en todo caso, a última palabra sobre o nomeamento tena o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**Votación e acordo.-** Estando presentes os dezasete membros que compoñen a Corporación, proceden á elección, mediante votación secreta con papeleta, obténdose o seguinte resultado:

<u>Candidatos</u>	<u>Votos</u>
D. <sup>a</sup> Sila Iglesias Díaz	1 (uno)
D. José Luis Collazo González	7 (sete)
D. <sup>a</sup> M. <sup>a</sup> Cruz Lamas Ambroa	0 (cero)
D. <sup>a</sup> Estela Domínguez Cereijo	1 (un)
D. <sup>a</sup> Silvia Mesías Martínez	8 (oito)

En consecuencia ningún dos candidatos obtén a maioría absoluta de nove votos requirida para a elección de Xuíz de Paz.

### **I.6.- BOLSA DE VIVENDAS BALEIRAS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 16 de febreiro de 2017, acordou ditaminar favorablemente a iniciativa do grupo UCN sobre este asunto.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Informa sobre os detalles da iniciativa. Substitúe a palabra "negociar" por "xestionar", na parte dispositiva. A idea é traer o convenio ao próximo Pleno. Moitos concellos estanse adherindo. Trátase de facilitar unha ferramenta a propietarios e persoas que o necesiten.

*D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Están de acordo con impulsar isto, que podería permitir tamén acudir a Concellos limítrofes. Fará falta unha comisión técnica para que valore as necesidades.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Ten atractivo para os propietarios, pero aquí tamén está presente o alugueiro turístico, que pode desviar a oferta. Ademais débense poñer en alugueiro as dos bancos, que estean baleiras.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Apoian a iniciativa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* De acordo coa proposta.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, substituíndo a expresión “negociar” pola de “xestionar” na parte dispositiva, **ACORDA:**

“Exposición de Motivos:

1.- La Xunta de Galicia ha puesto en marcha un convenio de colaboración entre el Instituto Galego da Vivenda e Solo y la Federación Galega de Municipios y Provincias, para el desarrollo de programas de viviendas vacías, en el ámbito del "Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso a vivenda 2015-2020", para facilitar el acceso a una vivienda a personas que se encuentren en situación de dificultad o vulnerabilidad.

2.- Se pretende con esta medida crear en el Ayuntamiento de Nigrán una bolsa de viviendas vacías para alquiler social, incorporando las viviendas de Organismos, particulares, empresas etc., y que no se encuentren habitadas, para conseguir crear un conjunto de viviendas desocupadas y formar una bolsa de viviendas sociales y dar respuesta así a las necesidades y demandas de personas en situación vulnerable residentes en el municipio, fijando un precio máximo de renta por alquiler de 300€ mensuales.

### **ACUERDO:**

ÚNICO.- Instar al Alcalde Presidente a xestionar en el marco del convenio de colaboración entre el Instituto Galego de Vivenda e Solo y la Federación Galega de Municipios y Provincias, la adhesión del Ayuntamiento de Nigrán al citado convenio, para crear una bolsa de viviendas vacías en NIGRAN, con destino a familias que se encuentren en situación de vulnerabilidad, y cuya renta no supere los 300€ mensuales, sometiendo su aprobación al Pleno dentro del primer trimestre del año.”

## **II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **II.1.- INFORME ANUAL DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS**

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do 14 de febreiro de 2017, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta:





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### 1.- INFORME ANUAL DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS

Tralo debate pormenorizado do texto, e introducidas algunhas modificacións, apróbase por unanimidade dos asistentes, ó texto quedando ó mesmo como sigue:

#### “INFORME ANUAL DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS

##### Obxecto do informe

É obxecto deste informe o cumprimento da obriga establecida no acordo de creación da Comisión de Suxestións e Reclamación e no artigo 24 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Nigrán, que co título de “informe ao pleno” establece que a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións dará conta anualmente ao Pleno da xestión realizada nun informe, no que se indicarán as suxestións e reclamacións presentadas, deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das suxestións ou recomendacións non admitidas pola Administración Municipal.

##### Actividade da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Nigrán, creouse por acordo do pleno do Concello de Nigrán celebrado o 25 de xuño de 2015, indicándose que supervisará a actividade da Administración municipal, e deberá dar conta ao Pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais. Nese acordo tamén se indicaba que ditaminaría as cuestións relativas á Participación da cidadanía, Transparencia e información á veciñanza.

Dita Comisión foi convocada por primeira vez para o día 5 de agosto de 2015 coa seguinte orde do día:

- Presidencia da Comisión
- Liñas Básicas da actuación da Comisión

En setembro de 2015 o alcalde de Nigrán delegou mediante decreto a Presidencia de dita comisión no Concelleiro D. José Cuevas Raposo.

**A segunda Reunión da Comisión** celebrouse o 15 de setembro de 2015 coa seguinte orde do día:

- Proposta de acordo relativo á transparencia.
- Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.
- Informe sobre o Regulamento de Participación Cidadá

Nesa reunión ditaminouse favorablemente o acordo relativo á transparencia, no que se instaba ao alcalde a:

- Iniciar os trámites para que o Concello de Nigrán se adhira ao Acordo Marco de colaboración, asinado o 28 de abril de 2015, entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) e a federación Española de Municipios e Provincias para promover e facilitar o desenvolvemento da lei 19/2013, de 9 de Decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas entidades locais, ou a creación por medios propios a infraestrutura técnica na páxina web do Concello de Nigrán do Portal de Transparencia, no caso de que non se produza a adhesión.

-A que se solicitara a alta do Perfil do contratante do Concello de Nigrán na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia ou na Plataforma de Contratos do Estado.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

-Que se creara unha unidade coas funcións previstas órgano no artigo 21.2 da Lei de transparencia. 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

-A que no proxecto de Orzamento do ano 2016, se doten as partidas orzamentarias necesarias no para poder executar este acordo, así como a correcta aplicación da Lei de transparencia. 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Tamén nesa reunión instouse á Comisión especial de Suxestións e reclamacións a que elaborara un borrador de ordenanza de Transparencia e acceso á información no Concello de Nigrán, na que se concrete a información e documentación que debe estar publicada no Portal da transparencia do Concello de Nigrán, no perfil do contratante do Concello de Nigrán, o momento da súa publicación e retirada, así como os procedementos de acceso á información recollidos nas lexislación e os controis que sobre esta materia se teñan que establecer. Esta ordenanza terá como obxectivo dar cumprimento no Concello de Nigrán á Lei de transparencia. 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE). e o Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, así como o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como a súa normativa de desenvolvemento.

Dito ditame foi aprobado por unanimidade no pleno celebrado o día 24 de setembro de 2016.

A terceira reunión da Comisión celebrouse o 20 de outubro de 2015 coa seguinte orde do día:

- Proposta de regulamento Orgánico da Comisión Especial de suxestións e reclamacións

Dito regulamento foi aprobado por unanimidade no pleno do Concello de Nigrán celebrado o día 29 de outubro de 2015.

O Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Nigrán foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 18 de Xaneiro de 2016, entrando en vigor o aos quince días hábiles seguintes aos da súa publicación.

O 17 de novembro e 9 de decembro celebráronse a carta e a quinta reunión da Comisión co mesmo orde do día:

- Acordo relativo á aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Acordo que foi aprobado por unanimidade no pleno celebrado o 17 de decembro de 2015.

O 22 de marzo de 2016, o 19 de abril de 2016 e o 24 de maio de 2016 celebráronse tres reunións da Comisión coa mesma orde do día:

- Regulamento de participación cidadá.

Dito regulamento foi aprobado por unanimidade no pleno celebrado o día 31 de maio.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### A caixa de suxestións e reclamación do Concello de Nigrán

Para mellorar o funcionamento da Comisión e acercala á cidadanía no pleno celebrado o 30 de Xullo de 2015 o actual Presidente solicitou que se puxera nun lugar destacado da web municipal a caixa de reclamacións e suxestións, cousa que se fixo. Tamén creouse, despois de varios peticións realizada por esta presidencia desde outubro de 2015, o 20 de xaneiro de 2016 o correo institucional [suxestions@nigran.org](mailto:suxestions@nigran.org) para canalizar as suxestións e reclamacións que presentara a veciñanza a través da web municipal. Co obxecto de mellorar o funcionamento da comisión solicitouse ao Alcalde que as suxestións e reclamacións que sexan realizadas a través da caixa de reclamacións e suxestións existente na web do Concello foran dirixidas á conta de correo institucional da Comisión. Esta petición non foi atendida polo alcalde, polo que as suxestións e reclamacións que recibe esta presidencia son filtradas polo alcalde.

Nesa conta de correo recibíronse as seguintes suxestións recibidas do correo electrónico do Alcalde de Nigrán:

- 1.- O 3 de febreiro de 2016, unha suxestión sen ningún dato do remitente a seguinte para que se fixeran xestións, se é posible para que se poden os carballos que están (en fincas privadas) ao lado do campo de fútbol de Vilariño.
- 2.- O 15 de febreiro de 2016, feita pola Asociación Veciñal e Cultural Chandebrito 1807, na que se solicitaba información sobre a convocatoria de sesión ordinaria do Consello Sectorial do PXOM que debería celebrarse a principios deste mes de febreiro de 2016, xa que este colectivo non recibiu comunicación algunha, a pesares de presentar o 20/01/2016 (unha semana despois do requirimento do Concello) escrito confirmando a continuidade e indicando os membros desta Asociación que asistirán ao mencionado órgano municipal.
- 3.- O 29 de febreiro de 2016, feita por unha veciña a través do correo [info@nigran.org](mailto:info@nigran.org), na que se preguntaba se ían a abrir as pistas de padel do complexo deportivo das Dunas de Gaifar e na que se suxería que se construíran unhas no Complexo deportivo de Porto de Molle.
- 4.- O 29 de febreiro de 2016, feita por un veciño a través do correo [secretariap@nigran.org](mailto:secretariap@nigran.org), referida a varios temas de urbanismo.
- 5.- O 5 de marzo de 2016, unha suxestión sen ningún dato do remitente referida ao Perigo de afundimento do pavimento no cruzamento Raña / Outeiro, en Priegue.
- 6.- O 7 de marzo de 2016, unha suxestión feita por unha veciña para que o Concello se implicara máis na integración de nenos con asperger.
7. O 7 de marzo de 2016, unha suxestión feita por unha veciña para que se habilite un espazo acotado para cans na zona de Praia América entre os meses de Xuño e Setembro para que poidan correr e xogar entre eles, así como que se doten de papeleiras dotadas de bolsas para excrementos.
8. O 19 de maio de 2016, feita pola Asociación Veciñal e Cultural Chandebrito 1807, na que solicita unha xuntanza coa concelleira de Cultura para expoñerlle diversos asuntos de urxencia e de interese para a veciñanza e parroquia de Chan de Brito. A tal efecto, prérgase confirmación a través do correo-e indicado nesta suxestión.
9. O 13 de xuño, 4 e 19 de Xullo de 2016, tres suxestións sobre a limpeza de camiños en Priegue.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

10. O 3 de agosto, unha sobre a lingua que usa Aqualia ao contestar aos usuarios. Todas as reclamacións foron enviadas ao correo da presidencia da comisión desde o correo do Alcalde de Nigrán e segundo o alcalde todas elas foron resoltas. Desde o día 3 de agosto non se recibiron mais suxestións nin reclamacións nesa conta de correo electrónico.

### **Do funcionamento da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.**

a) A unidade de apoio administrativo á Comisión e rexistro de Suxestións e Reclamacións.

No artigo 10 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Nigrán establece que o Concello deberá contar cunha unidade municipal de suxestións e reclamacións de apoio á Comisión que terá como fin a coordinación do estudo, tramitación, resposta e execución, no seu caso, das suxestións e reclamacións presentadas no Concello de Nigrán.

No punto 2 dese artigo indicase que esta Unidade administrativa indicase que é función desta Unidade rexistrar todas as suxestións e reclamacións recibidas no Concello de Nigrán por calquera medio, contemplando a existencia dun Rexistro especial de Suxestións e Reclamacións, no que se indicará se son admitidas ou non, así como calquera actuación realizada en relación con ela.

Finaliza dito artigo indicando que en cada sesión ordinaria da Comisión, a unidade de suxestións e reclamacións informará á mesma mediante escrito das suxestións e reclamacións recibidas e rexistradas no Rexistro especial de Suxestións e reclamacións.

Esta presidencia non ten coñecemento da existencia de ningunha unidade de apoio administrativo á esta Comisión, salvo o apoio recibido á hora de elaborar as convocatorias e a elaboración das actas das reunións da comisión.

Esta presidencia descoñece a existencia de ningún Rexistro especial de Suxestións e Reclamacións tal como se indica no apartado 3 do artigo 3.

b) Da colaboración coa Comisión especial de Suxestións e Reclamacións

No punto 2 do artigo 11 Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Nigrán relativo á colaboración coa Comisión especial de Suxestións e Reclamacións, establece que tódalas autoridades, funcionarios, órganos da Administración municipal están obrigados a comunicar á Unidade Administrativa de Apoio á Comisión e á Presidencia da Comisión calquera suxestión ou reclamación recibida por calquera medio, sexa admitida ou non.

Non consta a esta presidencia que por parte da Alcaldía se deran instrucións para que tódalas autoridades, funcionarios ou órganos da administración municipal comuniquen á (inexistente) Unidade Administrativa de Apoio á Comisión e á Presidencia da Comisión de calquera suxestión ou reclamación recibida.

### **Conclusións**

A constitución da Comisión especial de Suxestións e Reclamacións creada por acordo do pleno do Concello de Nigrán celebrado o 25 de xuño de 2015 podería supuxo un avance, en parte desaproveitado, en materias como a defensa dos veciños e das veciñas ante a administración municipal, a participación da cidadanía, a transparencia e información á veciñanza.

Esta Comisión propuxo as ferramentas para o avance dos dereitos dos veciños e das







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

veciñas para avanzar neses temas.

Concretamente propúxose e aprobáronse por unanimidade o Regulamento Orgánico da Comisión Especial de suxestións e reclamacións, o Acordo relativo á aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Regulamento de participación cidadá de Nigrán.”

---

### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Da conta do funcionamento da Comisión que levou a cabo a elaboración de dous regulamentos e outras iniciativas para favorecer os dereitos dos veciños. A realidade é que non funciona a parte das reclamacións porque se filtran polo Alcalde. Anuncia a súa dimisión como Presidente da Comisión, dadas as circunstancias.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Felicita ao Presidente da Comisión polo traballo que fixo e espera que poida reconsiderar a súa decisión.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* A Comisión fracasou, porque non cumpriu a súa función. Aprobouse o seu regulamento e o de participación. A parte orgánica conseguiu, non así a de funcionamento. Pensan que a causa fundamental do fracaso foi o non crearse a unidade administrativa de apoio. Con isto impediuse a tramitación do procedemento que tiña que seguirse para continuar o proceso das queixas.

## **II.2.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 3 de xaneiro de 2017 e o 15 de febreiro de 2017, ambos incluídos, entre elas a que figura transcrita no apartado seguinte.

### **II.2.1.- CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO 25/2017**

Expte. n.º: 2017/007S

Interposto Recurso Contencioso-Administrativo n.º 25/2017, pola Xunta de Galicia, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 1 de Vigo, contra diversas actuacións da Área Metropolitana de Vigo, a Presidencia da citada Área resolveu emprar aos concellos integrantes da mesma na súa condición de interesados.

Visto que o Concello de Nigrán forma parte da Área Metropolitana e designou aos seus representantes na Asemblea Metropolitana; que o titular da Alcaldía ten a condición de membro nato da referida Asemblea e da Xunta de Goberno da Área, e que o recurso afecta ao dereito de participación recoñecido legalmente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Ordenar o personamento nos autos, na forma e prazo previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**SEGUNDO.-** Previa consulta e conformidade do Técnico de Administración Xeral do Concello





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

**D. Enrique David Martín Gay**, encoméndaselle, na súa condición de letrado, a defensa e representación deste Concello no referido asunto.

**TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno.**

### **II.2.2.- DESAFECTACIÓN VIVENDA N.º 43 ANTIGA EEI CAMOS**

Dáse conta de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria concede a autorización previa á desafectación, solicitada polo Concello, da vivenda n.º 43 da antiga EEI de Camos, por entender que non é necesaria para o uso educativo ao que está destinada.

### **II.3.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016**

O informe da Intervención municipal que contén a información correspondente é o que a seguir se identifica:

- Rfa. T 17/17
- Data de emisión: 31-01-2017
- Epígrafe: Obxectivo de estabilidade orzamentaria, "Regla do gasto", e nivel de débeda viva estimados no cuarto trimestre de 2016.

### **II.4.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016**

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 4.º trimestre do 2016, datada o 31-01-2017.

### **II.5.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016**

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal, sobre relacións contables con reparos aprobadas no cuarto trimestre 2016.

### **II.6.- ROGOS E PREGUNTAS**

**1.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:**

1.1. Lamentamos que o Presidente da Comisión de transparencia presente a súa dimisión. Felicitalo pola vontade que demostrou durante o seu labor.

1.2. Desde cando ou por que o Concello se adica a valar as obras privadas que están facendo particulares?





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado:* A realidade é que non. Nas obras válese para a reserva do espazo público, que aboan a taxa. É a propia Policía Local a que solicita os valos a Vías e Obras e se depositan para a reserva en zonas de estacionamento.

*Sr. Valverde Pérez:* Nestes casos non se produce reserva de aparcamento, están ocupando espazo público, que son as beirarrúas.

*Sr. Rial Sánchez:* Resérvase para a colocación da andamiaxe, e logo quedan alí porque non se recollen e ao mellor as seguen usando ata que pasan a recollelas.

1.3. Mencionouse antes por parte do compañeiro Alberto García unha obra que se fixo en Damas Apostólicas, a zona axardinada, rogamos que se nos facilite o proxecto, se existe, así como todas as facturas que se pagaron e os informes correspondentes sobre eses pagos nesa actuación.

### **2.- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:**

Temos que manifestar o noso profundo malestar por ter que informarnos sempre pola prensa de todas as actuacións que fan vostedes a nivel institucional como Concello de Nigrán. Os demais grupos tamén pertencen ao Concello de Nigrán, non só o socialista, e temos dereito á asistencia aos actos. Non se nos comunica ningún.

### **3.- D<sup>a</sup>. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:**

Volvo a preguntar polo recinto das pistas deportivas de Gaifar, todo roto, o céspede sen cortar e sen cumprir o horario. Pedirvos que o controledes.

### **4.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:**

4.1. Agradecer os comentarios que se dixeron sobre o meu traballo como Presidente da Comisión, sendo un traballo colectivo.

4.2. Felicitar ao goberno municipal, especialmente á concelleira de emprego, polo éxito da contratación do 40% das persoas que fixeron o curso de soldadura, creo que seis persoas. Hai que facer cursos que dean traballo.

4.3. Cal é o montante percibido por CESPA no ano 2016 polos sistemas integrados de xestión en Nigrán?

*D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada:* Nese ano arredor de 53.000 euros.

*Sr. Cuevas Raposo:* Tendo en conta que hai que descontar a metade do montante percibido, canto se vai a pagar do canon do 2017 a CESPA?

*Sra. Giráldez Armas:* É un importe que aínda non se pode calcular, porque está pendente da revisión de prezos e da publicación do índice.

4.4. As mesmas preguntas pero do ano anterior.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Sra. Giráldez Armas:* 51.000 euros.

4.5. Calculouse o prezo que había que pagar no 2016? Paréceme que cun ano de atraso non saber se ese é o prezo que hai que pagar...

4.6. Canto se leva gastado na rúa Damas Apostólicas?

4.7. Segundo o listado de operacións que temos de Intervención 71.715,81 euros.

4.8. Vin nos decretos que hai unha obra para un valado en Ramallosa ¿é para esa mesma obra?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si.

*Sr. Cuevas Raposo:* Entón xa nos estamos pasando da modificación orzamentaria. Se pedides a aprobación dunha modificación orzamentaria para unha obra cuns cartos, deberíades axustarvos á modificación que nos pedistes?

4.9. O contrato para o deseño e execución de estratexias para por en valor as Illas Estelas: ¿que empresas executaron o contrato?

*Sr. Alcalde-Presidente:* ECOPLANING.

*Sr. Cuevas Raposo:* E non a executou unha empresa que se chama Estelas Arqueoloxía?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nós contratamos ECOPLANING. Non sei se o nome oficial é Estelas Arqueoloxía.

*Sr. Cuevas Raposo:* Estelas ten o domicilio social en Vigo, ECOPLANING en Mos. A min dáme a impresión de que houbo unha subcontratación, que tamén me da a impresión de que descoñecedes, que non pode pasar do 60% por lei, pero en todo caso téñenvola que comunicar.

4.10. En que data solicitou que se realizara a regularización catastral en Nigrán?

*Sr. Alcalde-Presidente:* En ningunha data.

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿Non mandou vostede unha carta na que máis ou menos di: O Concello de Nigrán manifesta á Dirección Xeral do Catastro o seu interese en ser incluído na próxima resolución que se aprrobe correspondente ao ano 2016?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O 10 de decembro de 2013 recíbese un escrito de Jesús Castillo, Subxerente territorial do Catastro de Vigo, no que comunica que a Dirección Xeral do Catastro acepta a proposta que se lle fixo desde o goberno de demorar a entrada da regularización do Concello de Nigrán, quedando posposta para o segundo trimestre do 2016. O anterior goberno pediu que se aprazase ao máximo.

4.11. As preguntas que vou facer agora son relativas a un contrato de vixilancia e control mensual do servizo de recollida de limpeza. A primeira pregunta é sobre un plan de





traballo que ten que presentar a empresa. Non o presentou?

*Sra. Giráldez Armas:* Non o puidemos constatar, porque temos a técnica municipal de vacacións.

*Sr. Cuevas Raposo:* Non fago máis preguntas, pero rogo que mas contestedes por escrito.

4.12. Hai un contrato para reorganizar o servizo de lixo, remataron os traballos?

*Sra. Giráldez Armas:* Non.

*Sr. Cuevas Raposo:* Xa rematou o prazo de execución.

*Sra. Giráldez Armas:* Aínda non.

*Sr. Cuevas Raposo:* Rogo que se me pase unha copia do traballo que fagan.

4.13. Dentro do Pleno pasado houbo unhas frases que dixó vostede, unha delas fíxome reflexionar, cando criticou ao noso grupo porque presentáramos unhas mocións por urxencia, dicindo que ata agora falábase na comisión informativa e que chegábase a acordos. Estas son dúas preguntas sobre eses acordos:

- Chegamos a un acordo o 24 de novembro para realizar un plan de vertidos, fíxose?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O ten o departamento, pero o acordo foi presentar un plan de verteduras antes do 31 de xaneiro de 2017. Un plan de verteduras non se fai nun mes.

*Sr. Cuevas Raposo:* Nós opinamos que é insuficiente o que fai a Xunta de Galicia. Falta o plan 1 e o plan 2, nin na Xunta os teñen.

- Solicitouse o cambio de potencias e tarifas?

*Sr. Rial Sánchez:* Estanse revisando as instalacións. Agora, primeiro, as que están a tanto alzado para solicitar contador nesas, na potencia real que teñen as instalacións. Cando acabemos con iso irase instalación por instalación comprobando consumos reais para, en base a iso, solicitar a potencia. E que non pase como algunha, coma o campo de fútbol de Vilariño, que ten menos potencia contrada da que realmente se está consumindo.

4.14. Como está a tramitación do PXOM, vaise a aprobar este ano?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu asinaría agora porque se aprobara provisionalmente a final de ano. Están rematando o informe que pediu Patrimonio. A empresa de arqueoloxía pediu unha prórroga do contrato, porque non lle deu tempo a rematar o traballo. No momento en que reciba ese traballo o equipo redactor incorporarán o que diga o informe ao documento, tamén incorporarán os informes de Portos e de Estradas e se enviará á Xunta de Galicia para que diga se está solucionado. A intención do equipo redactor e a nosa é que antes de fin de ano poidamos ter aprobación provisional. Xúntanse os técnicos municipais e o equipo redactor de xeito





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

moi habitual para facer un cronograma exacto de como están as cousas, sabendo que todo require informe, e moitísimas cuestións. Tanto os técnicos coma o equipo redactor cren que a aprobación da memoria medioambiental, que é fundamental para a aprobación inicial, podería estar a final de ano.

*Sr. Cuevas Raposo:* O que non entendo é para que se aprobou a elaboración dun contrato dun documento inicial estratéxico para modificar normas subsidiarias se se estima que se vai aprobar o PXOM a final do ano.

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Non interrompe para nada o plan. A nova lei do solo facúltanos para que, independentemente de que teñamos o plan, inicialmente podemos modificar as normas coas que estamos traballando ata agora. Por outro lado, houbo unha modificación normativa, a Lei 2/2016, que é a nova Lei do Solo. Houbo outra modificación normativa que foi o Regulamento que desenvolve esa Lei do Solo, que entrou en vigor en novembro e nos temos unhas normas do ano 89. As nosas normas están desfasadas con respecto ás novas leis. Esta modificación de normas non entra nin na edificabilidade do solo nin a núcleos. É unha modificación moi simple para cumprir coa normativa actual, para que os técnicos poidan traballar coas Normas Subsidiarias e sobre todo coa normativa das Normas Subsidiarias actualizada por obriga legal. É unha modificación técnica con aquelas cousas que os técnicos de urbanismo foron recollendo co paso destes anos e que crían necesarias para poder traballar e desbloquear certas situacións que se producían cada semana ou dúas semanas que sempre eran as mesmas.

4.15. Parécelle ético que unha persoa do partido socialista contrate a dous oficiais da construción por un salario de 707 euros mensuais?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pode ser ético contratar a unha persoa que necesita os cartos. Gustaríame contratalo por 5.000 euros pero non hai posibilidades.

*Sr. Cuevas Raposo:* O problema é que a marca España do goberno do partido Popular é a precariedade e o subemprego, salarios de pobreza. Non é estraño, pois, que no Estado existan hoxe máis de medio millón de traballadores pobres. Tamén pensamos que a igual traballo igual salario, por esa razón no pasado Pleno pedimos salarios para todo o persoal do Concello, e fomos acusados de ser populistas, o cal a min non me deshonra para nada. Por estas razóns presentamos a moción. Quero sinalar que todo o que dixen está copiado do programa do Partido socialista.

### 5.- *D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:*

En alusión ao que dicía Cuevas na pregunta sobre a carta que o Alcalde comunicou ao Catastro contéstolle eu, a carta é do 29 de xullo de 2015.

### 6.- *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:*

6.1. Pide que se revisen as obras que se están realizando no polígono de Porto do Molle, que nalgúns casos se utiliza maquinaria pesada sobre as beirarrúas sen ningún tipo de protección, así como escavacións na parcela de Delta Vigo que puideran por en perigo a seguridade en beirarrúas. E que se vixie a limpeza nos viais, porque hai terra espaxada pola calzada.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

6.2. Que se conteste ás peticións que están aínda pendentes de plenos anteriores que quedou de pasarnos por escrito.

6.3. Recentemente publicouse en prensa que se estaban realizando contactos co Concello de Gondomar en relación co deslinde entre ambos municipios, ¿pode informar como están as negociacións? Existe algunha posibilidade real de chegar a un entendemento? De ser así para cando cre que pode estar resolto o problema do deslinde?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos pendentes de que nos reciban en Gondomar. Nós entregámoslles a documentación pero aínda non nos recibiron. Estivemos coa comunidade de montes de Parada e a de Chandebrito. Estivo neste concello o concelleiro de urbanismo de Gondomar, levaron a proposta do Concello de Nigrán e estamos pendentes do Concello de Gondomar.

6.4. Recentemente produciuse unha sentenza que cuestiona o imposto de plusvalía, especialmente en transmisións, etc, nos que producen perda e non incremento no valor de adquisición. Teñen previsto articular algún procedemento de oficio ou deben ser os particulares quen o reclamen? Está cuantificado o importe ao que puideran ascender as posibles devolucións?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

6.5. En que situación se atopan os expedientes de contratación das auditorías da xestión dos servizos privatizados? Creo que a de abastecemento e saneamento está en marcha, pero quería saber en que estado están a do servizo de zonas verdes, a limpeza de colexios e edificios municipais e o servizo de axuda no fogar. Se existe vontade real de control, porque o obxectivo destas auditorías é controlar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non está ningunha feita nin iniciado o procedemento. A de augas si.

6.6. Aínda segue funcionando o servizo de grúa municipal con persoal contratado? Está previsto que siga de igual modo na tempada estival? Prevese externalizar o servizo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Agora mesmo está con persoal propio. Na tempada estival estase valorando.

6.7. Parece que a sinatura electrónica aínda non está implantada en tódolos departamentos do Concello, nin se teñen garantías de que a sinatura estea validada co código seguro de verificación. En que situación real se atopa a implantación? En que departamentos xa existe? Que problemas hai para que non estea plenamente operativa? De ser así, para cando está previsto o seu normal funcionamento?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O procedemento está aprobado, contratado e están traballando desde o mes de novembro aproximadamente. É certo que non está rematado.

6.8. Vostede anunciou que hai unha oficina de atención ao público que está no CIM en horario de mañá e tarde e creo que estaban desde o día 13 deste mes ata o 3 de marzo. Quería saber se ese prazo podería ser ampliable, porque as cartas estanse enviando de forma paulatina e ao mellor encontrámonos que estean chegando cando se termine ese





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

servizo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* En principio o prazo é ese, pero imaxino que se hai máis demanda se fose necesario pediríamolo.

### 7.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

7.1. Ten intención o goberno de elaborar e traer a Pleno uns orzamentos para o presente exercicio ou ten cousas máis importantes que facer?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nin temos cousas máis importantes que facer, nin somos a capital do Val Miñor, polo tanto claro que queremos traelos.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Por que non sodes a capital do Val Miñor?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Porque na noticia onde puña iso debaixo puña que a capital do Val Miñor non ten orzamentos.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Que previsión tendes de cando vai a estar un primeiro borrador que nos trasladedes aos restantes grupos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non podo dar unha data. Estamos pendentes dos informes e dos axustes de ingresos por parte dos departamentos.

7.2. Nós xa pedimos publicamente e agora formalmente, que convoquedes a Mesa da biblioteca, creada por un acordo plenario xa fai máis dun ano.

7.3. Estamos vendo na prensa como o deputado provincial de infraestruturas Uxío Benitez está tendo encontros con distintos alcaldes da Provincia nos que os alcaldes lle trasladan as necesidades que observan nas vías provinciais nas súas localidades. Eu rogaría ao Alcalde que aproveite para reunirse con Uxío e trasladarlle a necesidade da reforma do vial Nigrán-Vincios, especialmente o tramo que vai desde San Roque en Camos ata o cruce de Chandebrito. Son consciente da dificultade da obra pero non está de máis trasladarlle a necesidade.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Fai un ano que lle dixen que viñera a Nigrán. Díxome que llo pedira por escrito e hai máis de vinte días que presentei a petición por escrito para que visite o municipio. Estou pendente da visita e no momento en que veña será unha das cuestións que trasladaremos.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

O SECRETARIO

